



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE NECESIDADE DA REALIZACIÓN DUN CONTRATO MENOR DE SERVIZOS.

Asunto: Contrato menor de servizos denominado “**Formación para o persoal do punto limpo de Muros sobre xestión de residuos**”

1. Obxecto do contrato.

Este contrato ten por obxecto a realización dun **curso de formación, de 8 horas de duración, sobre recepción e clasificación dos residuos que entran no Punto Limpo, destinado ao persoal asociado ao punto limpo de Muros.**

2. Necesidade de contratación.

O Concello de Muros resultou beneficiario dunha subvención ao abeiro da Orde do 15 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento do 60% do gasto elixible para o ano 2026 (procedemento MT975X); publicado no DOG Núm. 25, do venres 6 de febreiro do 2026.

O proxecto a realizar é “**Formación para o persoal do punto limpo de Muros sobre xestión de residuos**” polo que é preciso contratar empresa/persoa especializada na realización deste tipo de traballos.

3. Características do contrato.

Trátase dun contrato menor de servizos. Os criterios xerais que dirixen o proxecto son esencialmente a formación para o persoal do punto limpo de Muros sobre xestión de residuos, levaranse a cabo, **como mínimo**, as seguintes accións:

Un curso de formación, de 8 horas de duración, sobre recepción e clasificación dos residuos que entran no Punto Limpo, destinado ao persoal asociado ao punto



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

limpo de Muros.

4. Procedemento de contratación.

Dadas as características da contratación e, tendo en conta que o valor estimado do contrato é inferior a 15.000,00 euros (IVE excluído), e de acordo co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos del sector público, modificado polo RDL 3/2020 de 4 de febreiro establece que se consideraran contrato menores os contratos de valor estimado inferior a 15.000,00 euros cando se trate de contratos de prestación de servizos.

En base a isto, considérase máis idóneo que o procedemento de licitación se efectúe mediante un contrato menor, xa que o valor estimado do contrato non excede dos 15.000,00 euros e non se trata de gastos de carácter recorrente.

5. Requisitos da empresa licitadora e criterios de adxudicación.

Dadas as características da actuación, é criterio indispensable que a empresa teña personalidade xurídica válida e obxecto social relacionado con: formación ou experiencia en xestión de residuos.

Adxudicarase o contrato a aquela empresa que oferte unha mellor relación calidade / prezo, segundo os seguinte baremo:

a) Oferta económica: ata 80 puntos.

Outorgaranse 80 puntos á oferta económica máis baixa. O resto das ofertas valoraranse mediante a seguinte fórmula:

$$P = \frac{O_{min}}{O_i} \times 80$$

Onde:

- **P** = puntuación da oferta valorada,
- **O_{min}** = importe da oferta máis baixa,



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- O_i = importe da oferta que se valora

b) Redución do prazo de entrega: ata 10 puntos.

Valorarase a redución do prazo máximo de execución establecido no contrato, conforme á seguinte escala:

- Redución de 2 semanas: 5 puntos.
- Redución de 3 semanas ou máis: 10 puntos.

Non se admitirán reducións que comprometan a correcta execución dos traballos.

c) Accións complementarias de formación ofertadas: ata 10 puntos.

Valorarase a realización de actuacións complementarias de formación relacionadas co traballo a realizar no punto limpo.

Puntuación:

- 1 actividade: 5 puntos.
- 2 actividades: 10 puntos.

En caso de empate, a adxudicación realizarase nun sorteo público.

6. Prazo de duración do contrato.

A formación debe estar realizada e xustificada, como máximo, o 15 de outubro do 2026 e a factura debe presentarse a través de FACE na mesma data.

7. Modificación do contrato.

Dadas as características da contratación non se contemplan modificacións, prórrogas nin revisión de prezos.

Orzamento base de licitación sen IVE: 833,00 euros .

IVE: 174,93,00 euros.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Orzamento base licitación con IVE: **1.007,93 euros.**

No caso de empate entre dous ou mais licitadores, procederase a un sorteo público.

9. Documento contable RC.

Consta no expediente no expediente o RC con número 220260004623 correspondente e o informe de fiscalización do gasto, por parte da Intervención municipal.

10. Prazo de presentación de solicitudes.

Calquera empresa poderá participar nesta actividade sen necesidade de ser convidada previamente. As empresas deberán presentar as súas ofertas nun prazo máximo de 7 días naturais dende a publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

Para a realización desta actuación, invitarase as seguintes empresas, as cales poderán presentar a súa oferta no prazo antes establecido, sen prexuízo que se poidan invitar a outras empresas.

COREGAL, coregal@coregal.gal

SIHÁHO CONSULTING, info@sihaho.com, administracion@sihaho.com

CACUMEN CONSULTORÍA Y FORMACION, info@cacumenformacion.com

MÉTODO, info@metodogrupo.com

As empresas ou persoas interesadas, deberán presentar a súa oferta no rexistro xeral do concello de acordo co modelo que se anexa a esta memoria.

12. Forma de pago

O pagamento farase contra factura que se presentará unha vez finalizados os traballos contratados. O último día para presentar a factura é o 15 de outubro de 2026.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

13. Encargado do seguimento e execución.

Será a Alcaldía a encargada do seguimento e execución do proxecto.

Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

A alcaldesa

María Lago Lestón



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ANEXO

DECLARACIÓN	RESPONSABLE	E	OFERTA	ECONÓMICA:
D./Da.....				con domicilio
no				municipio
de.....rúa.....				núm.....provincia.....
.....país.....				teléfono.....con DNI/NIF (ou Pasaporte
ou equivalente) núm.....				actuando en nome propio (ou en representación
de				DNI/NIF núm.....e con
domicilio				no
de.....rúa.....				municipio
.....				núm.....provincia.....
.....país.....				teléfono.....

Formar parte do procedemento de adxudicación mediante contrato menor de servizos
“Formación para o persoal do punto limpo de Muros sobre xestión de residuos”
e para cuxos efectos,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente para a realización do servizo.
2. Que non está incurso en prohibición de contratar con ningunha administración pública.
3. Que coñece e acepta cantas obrigacións se deriven deste contrato.
4. O seu sometemento ao foro español (só no caso de empresas estranxeiras) .
5. De conformidade co disposto no art.159 e 75.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (**indique a opción**):
 - a) ____ Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades.
 - b) ____ Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades, comprometéndose a



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito destas entidades, unha vez sexa requirido pola administración.

6. Fai constar que nesta licitación (**indique o que proceda**):

a) ____ Non concorre con empresas vinculada

b) ____ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

7. Que se esta ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Muros.

8. Autorizo ao Concello de Muros a que obteña telematicamente os certificados relativos á acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e ao Concello de Muros.

OFERTA:

a) O oferta económica presentada é de _____ euros (IVE incluído).

b) Ofrece unha redución do prazo de entrega de _____ semanas.

c) Ofrece un total de _____ accións complementarias de educación e divulgación, que son as seguintes:

Muros,.....de.....de 2026

Sinatura do/a licitador/a